



Astº.: Certificado do informe da Comisión I. Especial de Contas
Refª.: Conta Xeral Exercicio de 2013

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

CERTIFICA:

Que segundo se desprende do Libro de Actas da Comisión I. Especial de Contas, resulta que o día quince de xullo de dous mil catorce (15.07.2014) reuniuse dita Comisión e, adoptou o informe que literalmente se transcribe a continuación:

<<1º.- INFORME SOBRE A CONTA XERAL DO EXERCICIO DE 2013.-

Dáse conta do expediente comprensivo da Conta Xeral correspondente ó exercicio económico e contable de 2013, faise referencia algúns dos resultados obtidos que se consideran de interese.

A Comisión, unha vez realizadas as valoracións e análise correspondente, por unanimidade dos seus membros emite o seguinte **informe**:

- 1º.** Considerar que na elaboración, formación e tramitación da Conta Xeral correspondente ao exercicio económico e contable de 2013, quedan observadas as prescricións ao efecto contidas nos arts. 208 e seguintes, da Lei reguladora das Facendas Locais, Texto refundido aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, art. 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Instrución de Contabilidade (Modelo Sical-Normal) aprobada pola Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, e demais de concordancia.
- 2º.** En congruencia co indicado no apartado anterior, informar favorablemente o expediente e a Conta Xeral do 2013, dentro dos límites establecidos na regra 102 e da dita Instrución de Contabilidade.
- 3º.** Consonte co previsto polo art. 212 do Texto refundido citado e regra 102 indicada, proceder á exposición pública da Conta Xeral xunto co seu expediente, no que, necesariamente, deberase incorporar certificación do presente informe, mediante a inserción do anuncio correspondente no "Boletín Oficial" desta provincia, co fin de que, durante o prazo de quince días hábiles poda examinarse e, durante ese mesmo prazo e oito días máis, podan os interesados presentar reclamacións, reparos ou observacións, que, en tal caso, serán examinados por esta Comisión, actuándose, en todo caso, conforme establecen o artigo e regra ao principio sinalados, para que, finalmente, poida procederse a aprobación, polo Pleno do Consorcio, da Conta Xeral de 2013, e remitir a mesma ao Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Contas, aos efectos establecidos de fiscalización externa establecidos nas citadas normas.>>

E, para que así conste e na unión co expediente de referencia xurda os seus debidos efectos, emito a presente certificación, en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do Regulamento aprobado polo Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, e orde, e co visto e praxe do Ilmo. Sr. Presidente, en Carballo, a dezaseis de xullo de dous mil catorce.

V.º e pr.
O presidente,

Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez

